

DECLARACION INSTITUCIONAL

25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Un ano máis a Violencia Machista segue a estar presente na nosa sociedade e como aquilo que non se nomea non existe, a Corporación Municipal de San Sadurniño seguímola nomeando coa finalidade de demostrar que para erradicar esta lacra, primeiro hai que visualizala.

No noso xulgado de referencia, dende o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro deste ano presentáronse 419 denuncias das cales 110 tiveron orde de aloxamento, o cal significa que na comarca hai un grave problema de violencia de xénero.

A maioría das denuncias existentes recollen situacións de violencia física pero non debemos esquecer que moitas mulleres están a sufrir tamén violencia psicolóxica, sexual, social, laboral, económica... Exemplo disto, son moitas as mulleres as que están mal vistas para a sociedade tras sufrir unha violación, son as que copan as maiores taxas de desemprego, son as que soen quedar mais desamparadas nas rupturas de parella chegando a sufrir violencia económica, sen falar das numerosas secuelas psicolóxicas que todas elas deixan.

O máis preocupante disto é que nestes últimos tempos se está a notar un repunte da violencia de xénero na adolescencia. Sendo conscientes desta realidade compre poñer todas as medidas que poidamos ter o noso alcance para resolver esta problemática, que tanto está a afectar ás rapazas adolescentes, na actualidade con novas formas de exercer esta violencia.

É certo que nas últimas décadas houbo avances no marco legal pero estes precisan melloras e compre pasar da condena en abstracto a actuacións concretas e prácticas, repasar todas e cada unha das violencias que afectan as mulleres e reclamar á sociedade e ás institucións a súa visibilización e actuacións con compromiso. A loita contra a violencia machista que afecta a tantas mulleres ten que ser permanente e non pode descansar tan só na cerimonia do 25 de novembro ou teremos fracasado.